




CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Formación 2010



O Centro Coreográfico Galego, pertencente á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e adscrito á Axencia Galega das Industrias Culturais, creouse coa finalidade de apoiar e difundir a danza e as artes escénicas en movemento, fomentando a creación e a investigación. É centro de creación, produción, formación e investigación con diversas liñas de traballo enfocadas a impulsar a danza en Galicia.

O CCG vén desenvolvendo dende a súa creación unha sólida proposta formativa dirixida tanto aos profesionais das artes do movemento como á cidadanía.

En 2010, coincidindo coa posta en marcha da súa cuarta produción propia, *Ethéria*, dirixida por Mercedes Suárez, realizáranse unha serie de actividades formativas en paralelo, ás que se suman o ciclo de masters class que se desenvolve durante os meses de abril e maio así como os obradoiros para profesionais que terán lugar no último trimestre do ano.

Centro Coreográfico Galego
Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Consellería de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

Fotografías: José Ramón Bugliot e outros



Formación 2010

Ciclo de master class abril-maio

Danza clásica

Hervé Ilari
26-30 de abril

Danza clásica

Olga Cristina Ruiz Pérez
3 de maio

Danza contemporánea

Bárbara Monteagudo
4 de maio

Danza clásica

Raúl Moreno
5 de maio

Danza contemporánea

Armando Martén
6 de maio

Danza clásica

Luciano Gómez
7 de maio

Talleres setembro-dicembro

Taller para profesores/as

Ana Abad Carlés
13-17 de setembro

Taller de danza tradicional galega

Calixto Albán Laxe
8-12 de novembro

Taller de *Partenaire*

Raúl Moreno Pradana
22-26 de novembro

Taller de acompañamento musical

Roberto Beceiro
13-17 de decembro




Hervé Ilari naceu en Cannes. Comeza os seus estudos de ballet aos sete anos en varios conservatorios, onde aprende diferentes técnicas de danza (*Bournonville, Vaganova, Cechetti, danza moderna, jazz*, etc). Aos 16 anos obtén o seu primeiro contrato co *Ballet du Capitôle de Toulouse* e a partir de 1999 forma parte do *Ballet da Ópera de Niza*.

Máis tarde foi contratado durante dúas tempadas por Germinal Casado en *Karlsruhe* (Alemaña). Aos 21 anos é nomeado bailarín solista e a continuación bailarín principal no *Ballet do Teatro de Monchengladbach* (Alemaña). Participou como bailarín convidado en numerosas galas en EE.UU., Italia, Hungría, Exipto, Francia, Portugal, Alemaña, ...

Interpretou os papeis principais en ballets como *Romeo e Xulieta, Coppélia, O crebanoces, O Corsario, La fille mal gardée, La Bayadère, A bela durminte, Giselle*, etc. e en coreografías de George Balanchine, Germinal Casado, Heidrun Schwaarz, Nils Christe, Youri Vamos, Mauricio Wainrot, Marc Ribaud, Eleonora Gori, Patrice Bart, etc.

En setembro de 2002 obtén o *diplôme d'Etat de professeur de danse* do Ministerio de Cultura francés e compaxina a súa actividade pedagóxica e artística cos estudos de osteopatía.

master class



Danza clásica

Imparte Hervé Ilari

Data 26-30 de abril

Horario 9.30-11.30 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow, s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e estudantes
de nivel medio-alto

Nº de prazas 8

Custo

50 euros/semana
15 euros/clase solta



Olga Cristina Ruiz Pérez realiza os seus estudos de danza clásica no *Instituto Superior de Danza do Teatro Colón de Bos Aires*, a súa cidade natal. Aquí formou parte do elenco estable do *Teatro Argentino de La Plata* e do *Teatro Colón*.

Trasladada a Galicia, valida os seus estudos no *Real Conservatorio de Danza de Madrid*, co cal culmina a súa faceta de bailarina e comeza a de docente e coreógrafa.

Na Coruña crea un centro de danza homologado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a asociación xuvenil e cultural *Joven Ballet* da Coruña e no ano 2003 inaugura o *Conservatorio Profesional de Danza de Lugo*, do que forma parte como membro do claustro de profesores.

master class

Danza clásica

Imparte Olga Cristina Ruiz Pérez

Data 3 de maio

Horario 9.30-11.30 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow, s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e estudantes
de nivel medio-alto

Nº de prazas 8

Custo

50 euros/semana

(3-7 de maio: Olga Cristina Ruiz,
Bárbara Monteagudo, Raúl Moreno,
Armando Martén e Luciano Gómez)

15 euros/clase solta



Bárbara Monteagudo comeza os seus estudos de danza clásica no ano 1986 con Mercedes Suárez e despois entra na compañía *Druida Danza*.

Paralelamente fórmase noutros estilos: danza moderna, expresión corporal e danza contemporánea.

Polo seu empeño no carácter social e a súa interacción na danza, a inquietude por fusionar o movemento, a expresión e mais a emoción, no ano 1991 profundiza no campo da improvisación e comeza unha investigación persoal durante cal contacta con multitude de creadores e intérpretes da rama contemporánea.

Destacan os seus estudos na danza Butoh, que lle influíron notablemente.

Forma parte do grupo *DanzaActual* (96), do grupo multidisciplinar *Proxecto Ninguén (Ball –cans 01)* como actriz e coreógrafa. Crea a compañía *Trespasando* (02) da cal é directora artística, intérprete e co-creadora (III Premio no XV Certame Coreográfico de Madrid e III Premio do I Certame Coreográfico de Galicia).

Entre as súas obras destacan: *Entropía* (03), *Largo camino de vuelta al ser humano (En Pé de Pedra*, 04), *Aínda que amar sexa absurdo (Feito a man*, 05), *VVS* (Casa da Parra: *Fisuras no cotián*, 05), *Rosalías* (06), *Luís Seoane: Os tentáculos dos anxos* (06).

Imparte clases, obradoiros e cursos. Creou e dirixiu a escola Artestudio (02- 04) e o seu labor como mestra céntrase principalmente na danza contemporánea.

master class

Danza contemporánea

Imparte Bárbara Monteagudo

Data 4 de maio

Horario 9.30-11.30 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow, s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e estudantes
de nivel medio-alto


Nº de prazas 8

Custo

50 euros/semana

(3-7 de maio: Olga Cristina Ruiz,
Bárbara Monteagudo, Raúl Moreno,
Armando Martén e Luciano Gómez)

15 euros/clase solta





Raúl Moreno naceu en Madrid en 1973. En 1993 gradúase na *English National Ballet School* (Reino Unido). Como bailarín profesional traballou no *English National Ballet*, *Stuttgart Ballet*, *Ballet de Santiago*, *Ballet de Zaragoza*, *Ballet Galego Rey de Viana*, *Ballet do MERCOSUR* e no *Ballet oficial de Córdoba* e actuou como artista convidado en diferentes partes do mundo como EE.UU. e Filipinas.

Como mestre ensinou no *Real Conservatorio de Madrid (Mariemma)*, *Ballet Nacional de Filipinas*, no Curso de Inverno da *Fundación Maximiliano Guerra*, como asistente de dirección *Utopía Compañía de Danza* (2004), profesor na Universidade de Bos Aires (I.U.N.A), mestre de ballet do *Ballet Oficial de Córdoba* (Arxentina), da compañía do I.U.N.A. e no *Estudio de Roxana Gristein*. Foi tamén mestre do prestixioso bailarín Maximiliano Guerra.

master class



Danza clásica

Imparte Raúl Moreno

Data 5 de maio

Horario 9.30-11.30 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow, s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e estudantes
de nivel medio-alto

Nº de prazas 8

Custo

50 euros/semana
(3-7 de maio: Olga Cristina Ruiz,
Bárbara Monteagudo, Raúl Moreno,
Armando Martén e Luciano Gómez)

15 euros/clase solta



Armando Martén naceu en Santiago de Cuba. Estuda na *Escola Nacional de Artes da Habana* e no ano 1990 obtén o título de primeiro bailarín de danza contemporánea da *Compañía Nacional de Danza de Cuba*, na cal permaneceu ata o ano 2001.

No ano 2001 trasládase para A Coruña, e entra a formar parte da *Compañía Druida Danza*. Nese mesmo ano gaña o *III premio do Certame Coreográfico de Madrid* por *Trespasando*.

No ano 2003 gaña o *III premio do Certame Coreográfico de Galicia* por *Era* con coreografía de Bárbara Monteagudo e entre os anos 2004 e 2007 forma parte da compañía *Experimentadanza* da Coruña.


Nos anos 2005 e 2006 gaña o I premio do *Certame Coreográfico de Madrid*, o II premio do *Certame Coreográfico de Galicia*, o I premio do *IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia* e o I premio do *Certame Internacional de Coreografía de Burgos*.

Xunto cos bailaríns Kirenía Martínez, Beatriz Pérez e Alexis Fernández crea no ano 2006 a compañía de danza *Entremans*.

Codirixe con Alexis Fernández o festival de danza en paisaxes urbanos *Empape* da Coruña.

É profesor de Danza no *Conservatorio Profesional de Danza da Coruña*.

master class



Danza contemporánea

Imparte Armando Martén

Data 6 de maio

Horario 9.30-11.30 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow, s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e estudantes
de nivel medio-alto

Nº de prazas 8

Custo

50 euros/semana

(3-7 de maio: Olga Cristina Ruiz,
Bárbara Monteagudo, Raúl Moreno,
Armando Martén e Luciano Gómez)

15 euros/clase solta

master class



Luciano Gómez estudou cos mestres Carmen Roche, Víctor Ullate e Dolores Laga na escola *Mudra* de Bruxelas, dirixida por Maurice Béjart.

Desenvolve a súa carreira profesional durante 11 anos en EE.UU. co *Hartford Ballet*, dirixido por Fleming Flindt, e o *Tulsa Ballet*, dirixido por Roman Jasinsky e M. Larkin.

Como solista e bailarín principal interpretou papeis do repertorio clásico, neoclásico e contemporáneo.

Na actualidade dirixe o *Conservatorio Profesional de Danza* da Deputación da Coruña, labor que compaxina con cursos e conferencias sobre a danza clásica.

Danza clásica

Imparte Luciano Gómez

Data 7 de maio

Horario 9.30-11.30 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow, s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e estudantes
de nivel medio-alto

Nº de prazas 8

Custo

50 euros/semana

(3-7 de maio: Olga Cristina Ruiz,
Bárbara Monteagudo, Raúl Moreno,
Armando Martén e Luciano Gómez)

15 euros/clase solta



Ana Abad Carlés naceu en Zaragoza, onde inicia os seus estudos de danza clásica e contemporánea ata os 18 anos, en que se traslada a Londres. Durante os seus primeiros anos nesta cidade estuda historia, anatomía, coreografía e notación e amplía os seus coñecementos de técnica de danza clásica e danza contemporánea.

Volve a Zaragoza en 1994 e comeza a estudar música e piano. En 1995 inicia o seu grao en Historia da Arte. Ao mesmo tempo que ensina ballet, comeza a deseñar cursos onde se combinan teoría e práctica na apreciación da danza.

En 1999 realiza a coreografía de *Le Baiser de la Fée* como parte dun proxecto para introducir a danza na escola, cun grande éxito. Nese mesmo ano comeza a impartir conferencias sobre a historia da danza. Volve a Londres en 1999 para completar os seus estudos de danza (*MA in Ballet Studies*).

Traballa e colabora con diferentes estamentos: *Conservatorio Profesional de Danza de Zaragoza* (2002), *Council for Dance Education and Training* (2004), *Birkbeck University*, *Criticaldance*, *Creative Capital*, *Escuela Nacional de Danzas Aída Mastrazzi* (2008), *Conservatorio Profesional de Danza de Murcia*, *Julio Bocca Studio*, etc.

En 2004 publica o libro *Historia del Ballet y de la Danza Moderna* e no ano 2009 presenta a súa tese sobre mulleres coreógrafas e continúa co seu labor de coreógrafa.

Talleres

Taller para profesores

Imparte Ana Abad Carlés

Data 13-17 de setembro

Horario 9.30-14.30 horas

Lugar Por determinar

Participantes Profesores/as de danza

Nº de prazas 25

Custo 50 euros

Datas de inscrición

16 de agosto-10 de setembro

Obxectivos

Dar a coñecer a situación actual da danza nos diferentes ámbitos que rodean esta disciplina, con especial incidencia nas áreas da educación e ensino, e a súa importancia na formación dos profesionais que van desenvolver as súas carreiras no século XXI.

Módulos

- *Aproximación histórica ao repertorio actual.*
- *Aproximacións a cuestións estilísticas en danza.*
- *A formación de coreógrafos.*
- *O reto de educar profesionais da danza no século XXI.*

Duración de cada módulo: 6 h. e 15 min.

Conferencias para alumnos

- 15 de setembro, ás 16 horas, no Conservatorio Profesional de Danza da Coruña.
- 16 de setembro, no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo (horario por confirmar).



Calixto Albán Laxe nace no ano 1959 en Fornelos de Montes (Pontevedra). Aos sete anos ingresa no *Grupo de Coros e Danzas* do Ministerio de Cultura, onde permanece ata o ano 1975.

En 1985 crea o *Grupo de Danza Corisco* (Vigo) e un ano despois o *Grupo de Baile e Música Ceifa* (Vigo), así como a *Escola Municipal de Danza do Concello de Fornelos de Montes*, alternando deste xeito a experiencia como bailarín coa de profesor e coreógrafo.

Participa en numerosos festivais de renome como: *Festival internacional de folclore de Lorient* (Francia), *Festival folclórico da cidade de Porto* (Portugal), *Festival internacional de folclore de Churriana* (Málaga), *Festa da Historia da cidade de Prato* (Italia), entre outros.

Foi creador e mestre do *Grupo de Danzas da Sociedade Caballeros de Santiago* en Salvador de Bahía (Brasil) durante tres anos e do *Grupo de Danza Arraial da Casa de España* de Río de Janeiro (Brasil), do cal foi profesor de danza dous anos e medio.

Ten colaborado coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior dando cursos como profesor de baile en diferentes países de Europa, América e Australia.

Imparte charlas-coloquio, escribe en diferentes semanarios e é autor, ademais, do libro *O saber do pobo. Enciclopedia do traxe, danza e música tradicionais*.

Taller de danza tradicional galega

Imparte Calixto Albán Laxe

Data 8-12 de novembro

Horario 9-14 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow s/n. A Coruña

Participantes

Profesionais de danza e das artes do movemento

Nº de prazas 20

Custo 50 euros

Datas de inscrición

11 de outubro-5 de novembro

Obxectivos

O coñecemento da danza tradicional galega como expresión cultural do pobo, así como doutros aspectos con ela relacionados como os traxes e as súas partes, os diferentes tipos de música tradicional...



Raúl Moreno naceu en Madrid en 1973. En 1993 gradúase na *English National Ballet School* (Reino Unido). Como bailarín profesional traballou no *English National Ballet*, *Stuttgart Ballet*, *Ballet de Santiago*, *Ballet de Zaragoza*, *Ballet Galego Rey de Viana*, *Ballet do MERCOSUR* e no *Ballet oficial de Córdoba* e actuou como artista convidado en diferentes partes do mundo como EE.UU. e Filipinas.

Como mestre ensinou no *Real Conservatorio de Madrid (Mariemma)*, *Ballet Nacional de Filipinas*, no Curso de Inverno da *Fundación Maximiliano Guerra*, como asistente de dirección *Utopía Compañía de Danza* (2004), profesor na Universidade de Bos Aires (I.U.N.A), mestre de ballet do *Ballet Oficial de Córdoba* (Arxentina), da compañía do I.U.N.A. e no *Estudio de Roxana Gristein*. Foi tamén mestre do prestixioso bailarín Maximiliano Guerra.

Talleres

Taller de partenaire

Imparte Raúl Moreno Pradana

Data 22-26 de novembro

Horario 10-14 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego
Av. de Glasgow s/n. A Coruña

Participantes

Bailaríns e bailarinas de calquera disciplina clásica e/ou contemporánea de nivel medio-alto

Nº de prazas 30

Custo 50 euros

Datas de inscrición


25 de outubro-19 de novembro

Obxectivo

Desenvolvemento da técnica *Pas de deux* cunha orientación neoclásica.

Ciclos didácticos

- Técnica base do *Pas de deux*.
- Conceptos básicos do *Pas de deux* contemporáneo (concepto fóra do eixo; estudo dos diferentes puntos de agarre; desenvolvemento de diferentes elevacións do solo).





Roberto Beceiro Vilar nace en Ferrol (A Coruña), onde recibe as primeiras leccións de música a cargo de seu pai. Aos 13 anos inicia a súa andaina profesional como guitarrista en diferentes grupos da comunidade, aínda que axiña se dedica ao piano e obtén o título de profesor no *Conservatorio da Coruña* da man da profesora Jeannette Romero.

Paralelamente toma contacto coa danza clásica e traballa con 18-21 anos na academia de danza clásica de Pauloska Pérez-Lago na súa cidade natal, na cal traballará tanto as clases libres como o repertorio da *Royal Academy of Dancing*. Con esta academia irá aos exames do *Conservatorio de Alacant* como pianista.

A súa preocupación por afianzar e conseguir unha boa base musical lévao a matricularse nos cursos de posgrao da *Universidad de Alcalá de Henares*, onde recibe os consellos de mestres de categoría internacional como Boris Berman, Rita Wagner, Paul Badura-Skoda, Charles Rosen, Maria Eckard, entre outros.

A partir do ano 2000 únese ao *Evangelista Jazz Quartet* e á *BigBand do Conservatorio da Coruña* e traballa tanto repertorio *Standard* como temas orixinais de compositores galegos.

En 2002 entra a formar parte do *Ballet Galego Rey de Viana*, ata o ano 2005. Dende 2006 é pianista no *Centro Coreográfico Galego*, que compaxina co labor docente participando en diferentes cursos realizados no centro, como os impartidos por Janusz Subicz e Martín Padrón.

Talleres

Taller de acompañamento musical

Imparte Roberto Beceiro Vilar

Data 13-17 de decembro

Horario 10-14 horas

Lugar

Centro Coreográfico Galego

Av. de Glasgow s/n. A Coruña

Participantes

Profesores/as de danza e pianistas acompañantes

Nº de prazas 20

Custo 50 euros

Datas de inscrición

15 de novembro -10 de decembro

Obxectivos

Achegamento ao repertorio para clases de danza clásica, abordando os diferentes estilos de música posibles.

Durante o desenvolvemento do curso proporáanse distintos exercicios prácticos nos que o alumnado participará activamente.



Solicitud de matrícula

Denominación do curso ou taller

Data

Solicitud nº

Apellidos

Nome

DNI/ pasaporte

Data e lugar de nacemento

Enderezo

Poboación

Provincia

Tel.

Correo electrónico

Profesión

Solicita:
Sexa admitida a súa inscrición no curso indicado.

Sinatura

Inscrición e información

Centro Coreográfico Galego
Tel.: 981 134 946 / Fax: 981 138 294
formacion.ccg@xunta.es / actividades.ccg@xunta.es

Enviar a **solicitud de matrícula** ao correo electrónico:
formacion.ccg@xunta.es / actividades.ccg@xunta.es

Unha vez que o Centro Coreográfico Galego lle confirme a súa praza no curso, deberá realizar o **ingreso do importe da matrícula** en Caixa Galicia, número de conta 2091 0388 95 3110002055, co concepto do curso e nome do solicitante.

Ademais é necesario enviar o **xustificante de pagamento** e **fotocopia do DNI** a:

Centro Coreográfico Galego
Polideportivo de Elviña
Avda. de Glasgow s/n. 15008 A Coruña

Ou ben aos correos electrónicos: formacion.ccg@xunta.es actividades.ccg@xunta.es

A orde de chegada de cada solicitud corresponderá co nº de rexistro da mesma.

Sinale se desexa recibir información do CCG:

Si ☐ Non ☐

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: De acordo co punto 5.1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, advírtese da existencia do ficheiro de datos “Rexistro AGADIC”, cuxa finalidade e destino correspóndense coa súa xestión. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos devanditos datos, mediante escrito dirixido á Dirección da AGADIC, sita na Rúa da Vesada, S/N, San Lázaro, CP: 15703 de Santiago de Compostela (A Coruña).

